

I OLIMPIADA DE HISTORIA: “FAI HISTORIA CON NÓS”

A Facultade de Historia da Universidade de Vigo en colaboración coa revista “El octavo historiador”, convoca a *I Olimpiada de Historia. Fai Historia con nós* que terá un carácter autonómico.

OBXECTIVOS

- Promover e desenvolver o interese do alumnado de Educación Secundaria pola Historia
- Recoñecer o esforzo da docencia no fomento de iniciativas novedosas nesta materia, dando a coñecer as súas ideas e premiándoas.
- Apoiar o desenvolvemento de habilidades transversais de comunicación oral e escrita e senso crítico do estudantado que lles sirvan como ferramentas de apoio para abordar con maior confianza os estudos de Bacharelato e, posteriormente, os universitarios.
- Estreitar as relacións entre os centros de ensinanza secundaria e a Universidade de Vigo para colaborar en tarefas formativas do profesorado.
- Fomentar a difusión da Historia e a súa utilidade ante os retos da sociedade actual, ao propor novos eidos profesionais para historiadoras e historiadores.

BASES

Participación

Poderá participar na “*I Olimpiada de Historia. Fai Historia con nós*” todo o alumnado matriculado no curso 2017/2018 en 4º de ESO dalgún dos centros de ensinanza secundaria da Comunidade Autónoma Galega.

A participación na proba realizarase mediante equipos. Cada centro so poderá presentar un equipo formado por catro estudantes e un/unha docente que non participará directamente na competición e será o/a encargado/a da preparación e representación do equipo a todos os efectos.

A proba terá lugar na Facultade de Historia do Campus de Ourense.

Inscrición

O prazo máximo para a inscrición dos equipos será o día **13 de abril de 2018** ás 14:00 horas.

A inscrición será realizada polo/a docente encargado/a a través do **formulario de inscrición**, que será remitido por correo electrónico a sdefho@uvigo.es, indicando no asunto *I Olimpíada de Historia. Fai Historia con nós*.

Probas

Os equipos enfrontaranse nunha competición que seguirá o esquema pregunta-resposta. Cada equipo deberá nomear un/unha voceiro/a, indicando os seus datos na folla de inscrición.

As probas cinguiranse aos contidos do currículo da materia de Xeografía e Historia de 4º de Educación Secundaria establecidos pola actual lei educativa (LOMCE).

Realizaranse sucesivas roldas de probas eliminatorias entre os equipos participantes. A orde dos equipos establecerase ao comezo da competición mediante un sorteo no que participarán os/as encargados/as do equipo.

Características

As probas as que se enfrontarán os equipos poderán ser:

- Preguntas de resposta concreta: realizase unha cuestión directamente a un grupo que da a resposta correcta e inequívoca a través do/a voceiro/a. O tempo máximo será de 60 segundos para acordar a resposta. No caso de que non se acerte producirase un rebote ao equipo seguinte.
- Cuestións de Verdadeiro ou Falso: realizarase unha cuestión a un grupo que contestará Verdadeiro ou Falso a través do/a voceiro/a. O tempo máximo será de 60 segundos para acordar a resposta. Nesta modalidade non hai rebotes.
- Identificación dunha personaxe: proxectarase a imaxe dunha personaxe relevante que terá que ser identificada. A resposta será comunicada a través do/a voceiro/a. O tempo máximo será de 60 segundos para acordar a resposta. No caso de que non se acerte producirase un rebote ao equipo seguinte.
- Identificación dun texto: lerase un pequeno texto paradigmático, onde se evidencie a temática do mesmo ou se citen palabras claves que faciliten a súa identificación. O equipo disporá de 60 segundos para identificar a autoría ou a procedencia do texto (p.e. discurso Churchill -Telón de Aceiro-; Os catorce puntos de Wilson, etc.). No caso de que non se acerte producirase un rebote ao equipo seguinte.

Sistema de Puntuación

Cada pregunta/proba acertada sumará un punto.

Nos modelos de preguntas que así se indique, no caso de que non se acerte producirase un rebote ao equipo seguinte. Habberá tantos rebotes como equipos

restantes. Se ningún equipo atopa a resposta correcta non se sumarán puntos nesa rolda e será o/a moderador/a o/a encargado/a de resolver a cuestión.

Clasificación

Os equipos participantes irán clasificándose segundo a puntuación obtida.

En función do número de equipos organizaranse dun xeito equitativo os grupos clasificatorios.

Na primeira rolda clasificaranse, de cada grupo, dous equipos que pasarán á seguinte fase. Celebraranse tres roldas clasificatorias. Os dous equipos coa mellor puntuación enfrontaranse na Final da Olimpíada. Este sistema establecerase dun xeito definitivo unha vez que se coñeza o número total de equipos inscritos.

Data e Lugar de Celebración

A presente competición terá lugar o día **25 de Maio de 2018** na Facultade de Historia do Campus de Ourense. As probas realizaranse na Sala Emilia Pardo Bazán.

Premios

Todos os participantes recibirán un diploma acreditativo.

Equipo gañador: unha tablet para cada un dos compoñentes do equipo e un lote de libros e un trofeo para o centro escolar. O/A docente encargado/a do equipo recibirá como agasallo unha caixa vacacional para dúas persoas.

Segundo premio: un libro e un videoxogo para cada un dos compoñentes do equipo e un lote de libros e un trofeo para o centro escolar. O/A docente encargado/a do equipo recibirá como agasallo dúas entradas ás termas + masaxe en Outariz.

Terceiro premio: Un videoxogo para cada un dos compoñentes do equipo. O/A docente encargado/a do equipo recibirá como agasallo dúas entradas ás termas + masaxe en Outariz.

Propiedade intelectual e dereitos de imaxe

A Olimpíada de Historia é propiedade da Facultade de Historia da Universidade de Vigo, que cede o uso das probas con fins educativos, académicos ou similares, así como en actividades que sexan sen ánimo de lucro e sen efectos comerciais. En calquera uso público deberá citarse a procedencia.

O acto de entrega de premios será sempre un acto público e as reportaxes gráficas que nel se realicen serán propiedade da Facultade de Historia que poderá usar libremente este material nas súas publicacións gráficas ou virtuais.



A inscrición e participación na Olimpíada de Historia implica expresamente a aceptación destas condicións e bases.

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase aos participantes de que os datos por eles proporcionados formarán parte dun ficheiro coa única finalidade da xestión da participación nesta convocatoria. A entidade responsable do ficheiro é a Facultade de Historia da Universidade de Vigo - con domicilio no Campus Norte, As Lagoas, s/n, 32004, Ourense- na cal se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que legalmente lles asisten.